

III CONCURSO "IGNACIO LÓPEZ BUENO" DE PRESENTACIÓNS INFORMÁTICAS

Neste ano internacional da Diversidade Biolóxica o I.E.S. "TERRA DE TRASANCOS" quere propoñer un traballo que axude a coñecer o noso entorno para aprender a valorar, respectar e preservar a nosa riqueza natural.

O tema deste ano é :

"Biodiversidade Galega"

Por iso,

A Dirección do I.E.S."TERRA DE TRASANCOS" quere convidalos a participar na III Edición do Concurso de presentacións informáticas "Ignacio López Bueno".

BASES DO CONCURSO:

PARTICIPANTES:

O concurso vai dirixido aos alumnos e alumnas de **ESO**, **BACHARELATO** e **CICLOS** que estean matriculados no presente curso en centros de **GALICIA**.

Cada un dos participantes deberá acompañar o seu traballo dun certificado de matrícula nalgún dos centros da nosa Comunidade Autónoma.

TRABALLO:

Consistirá nunha presentación informática na que se poderán incluír fotos, vídeos, música, etc... e que xirará sobre a riqueza natural de especies que queremos que perduren no futuro.

ENTREGA DO TRABALLO:

- Na Secretaría do centro IES "TERRA DE TRASANCOS"
- Por correo ordinario en formato CD ou DVD
- Por correo electrónico, poñendo como **asunto: III Concurso "Ignacio López"**

ENDEREZOS:

IES "TERRA DE TRASANCOS", AS CHOUSAS s/n C.P. : 15570 NARÓN.

ies.terra.trasancos@edu.xunta.es

VALORACIÓN DO TRABALLO:

Para a valoración do traballo terase en conta:

- O rigor científico
- Tratamento medioambiental
- Orixinalidade da presentación e dos contidos
- Os aspectos tecnolóxicos e plásticos: efectos, música, animacións, ...

DATAS DE PRESENTACIÓN:

Os traballos terán como data límite para a súa presentación o día 26 de Marzo do 2010.

PREMIOS:

Haberá dous premios divididos en dúas categorías:

1 premio para alumnos de ESO dotado con **150 EUROS** en material informático, audiovisual (cds, películas, etc) ou libros e diploma.

1 premio para alumnos de Bacharelato e Ciclos dotado con **150 EUROS** en material informático, audiovisual (cds, películas, etc) ou libros e diploma.

ENTREGA DE PREMIOS:

O fallo do concurso darase a coñecer o día **13 de Abril do 2010** e será publicado no taboleiro do centro e na páxina web : www.trasancos.net . A entrega dos premios correspondentes realizarase nun acto que se levará a cabo na Sala de Usos Múltiples do centro o día **16 de Abril do 2010 ás 12.10 da mañá**.

XURADO:

Estará constituído polos seguintes membros:

O Secretario, a Vicedirectora, o Xefe de Departamento de Plástica, un profesor de Informática, o Xefe de Departamento de Física e Química, o Xefe de Departamento de Ciencias e un membro do persoal non docente.

O fallo será inapelable, podendo quedar deserto algún dos premios se o xurado así o considera.

Os traballos presentados non se devolverán e poderán ser publicados na páxina web do Instituto.